LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refróns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral

LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérboles e xogos de palabras.

LGB5.3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura.

LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.

LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.

LGB5.7.2. Amosa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaaas.

EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá.

EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.

EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.

EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.

EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.

EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía.

EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades

EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.

EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.

EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).

EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas.

EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume.

EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.

EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.

EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.

EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais.

EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores



etamaños axeitados.

EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.

EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.

EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.

EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo.

EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.

EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.

EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.

EPB2.6.3. Aмосa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.

EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.

EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)

EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas.

EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas.

EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros.

EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría.

EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.

VSCB2.8.4. Expón en historias creativas as características da relación da amizade.

## **.5. METODOLOXÍA**

### **.5.1. Criterios Metodolóxicos**

A finalidade da Educación Primaria, segundo a LOMCE, é facilitar aos alumnos/as as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da Educación Secundaria Obrigatoria.

A acción educativa en esta etapa, di a lei, que procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

Así mesmo, o D 105/2014, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia establece entre os principios metodolóxicos que o tempo de lectura non debe ser inferior a 30 minutos.

*“A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en todo tipo de soportes e formatos. Co fin de fomentar o hábito da lectura os centros organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura, non inferior a trinta minutos.”*

Consideramos que a lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, e o dominio desta abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura está presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora será impulsados, non só desde a área de Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As

sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua Castelá e Literatura, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e han de servir para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- a Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- f d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

É fundamental que o docente logre transmitir aos seus alumnos o seu entusiasmo para lograr facer lectores capaces e motivados.

De entre os moitos textos que se poden empregar para a lectura, o conto ocupa un lugar importante na formación literaria dos alumnos de Educación Primaria. Os contos, polo seu contido, a súa estrutura e o seu vocabulario, son un instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, pois cando o neno os escoita ou os le aprópíase do seu vocabulario e das súas estruturas lingüísticas e ponas en práctica noutras situacións.

É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes han de ser motivadores e axeitados ao nivel dos lector es. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

O profesorado elixiremos os textos en función dos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra axeitada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

Por último, hai que destacar a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora, xa que, a través dela, se estimula a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dun bo ton, unha correcta pronunciación e unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que o lector poida consolidar a comprensión lectora

Porén, continuando co que se viña facendo en anos anteriores, e seguindo a normativa vixente, establ ecemos un tempo de lectura diaria de trinta minutos que figura no horario, ou ben, antes ou despois do recreo, no que alternaremos tempos de lectura silenciosa, en voz alta, distintos tipos de textos,....

Así mesmo, resulta necesario establecer un Plan de Lectura que impulse as actividades relativas á promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e ao grao de adquisición das competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo, e que favoreza a súa práctica diaria por todo o profesorado en todas as áreas dun modo eficaz.

Ademais do tempo que usan no recreo, na biblioteca, participando nas distintas actividades que esta propón, reforzamos a biblioteca de aula con libros aportados polo alumnado que se lle devolverán ao final do curso, co obxectivo de aumentar a oferta de lecturas nas dúas linguas cooficiais. Este curso 2021 – 2022 non faremos uso da biblioteca de aula para levar a cabo a norma de uso individual do material por mor da situación actual do Covid-19.

## ***.5.2. Principios metodolóxicos***

Os principios nos que baseamos nosa proposta son os seguintes:

### ***a Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:***

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

**b Desde a perspectiva psicolóxica:**

a *Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.*

- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e meta cognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.

b *Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.*

- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á como o profesor lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubriendo principios e procesos que o explican, mellorando a capacidade organizativa para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que adquire dentro e fóra da aula *Favorecer a aprendizaxe autónoma.*
- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e meta cognitivas que favorezan asentamento dunha boa memoria comprensiva. Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).
- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

c *Potenciar a actividade.*

- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente.

**c Desde a perspectiva pedagóxica:**

*a Partir da avaliación inicial, específica e global.*

- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

*b Motivar axeitadamente.*

- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.

*c Analizar os esquemas previos de coñecemento.*

- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.

*d Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.*

- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
- Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e

mapas).

- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- a A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- b A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- c Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese do alumnado.
- d O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.
- e A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- g A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- h A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da



metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.

l ) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

m O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

n A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.

o O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

### ***.5.3. Agrupamento dos alumnos***

O agrupamento dos alumnos é unha esixencia da diversidade e un indicador da autonomía do centro, e ten como finalidade garantir que todos os alumnos aprendan e consigan os obxectivos educativos marcados.

A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos.

O agrupamento de alumnos non ten porque limitarse a un único modelo, xa que supón limitar o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de

agrupamentos máis empregados son:

- Aula ou gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Talleres.
- Equipos de traballo cooperativo.

Este curso 2021 - 2022 vémonos limitados neste sentido, xa que comezamos o curso cunhas normas e un protocolo a seguir debido ao Covid-19, por iso o alumnado estará colocado na aula dunha maneira individual mantendo deste xeito a distancia de seguridade entre eles en todo momento. Por iso resulta imposible realizar tarefas e actividades organizando ao alumnado dunha forma grupal.

#### ***.5.4. Organización dos espazos***

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- *Espazos propios do grupo (aula)*. Cada titor organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva; será conveniente ter en conta variables como idade e agrupamento de alumnos, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc. Se nunha aula imparten actividades lectivas outros mestres ademais do titor, han de preocuparse, ao concluír a clase, de que material e espazos se encontren na distribución planificada por este.
- *Espazos compartidos polos alumnos*. Os alumnos de Primaria comparten espazos con alumnos de outras etapas educativas dentro do centro e, asemade, utilizan habitualmente outros espazos, tanto interiores do centro educativo como exteriores.

Algúns destes espazos son os seguintes:

- Biblioteca.
- Patio.

### ***.5.5. Organización dos tempos e aspectos xerais***

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, é preciso realizar unha temporalización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario de actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro. A axenda escolar empregárase como vía de comunicación entre o titor/a e as familias. Sempre que se envíe unha nota informativa ou académica, deberá ser devolta debidamente asinada por algunha das persoas que exerza a tutoría legal do alumno/a.

### **.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Para desenvolver a presente programación empregaremos libros dixitais e outros materiais de apoio.

Empregaranse tamén os seguintes recursos:

- Materiais fotocopiados para ampliar e reforzar contidos.
- Ordenadores con conexión á rede.
- Fichas e materiais elaborados pola titora.
- Actividades online.
- Periódicos, revistas, etiquetas nutricionais, facturas e outros similares da vida diaria para achegar o seu uso e comprensión ao alumnado.

### **.7. AVALIACIÓN.**

Na avaliación diferenciamos tres momentos:

- a) A avaliación inicial farase ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe para diagnosticar os coñecementos que posúen os alumnos e alumnas ante os novos contidos que se van tratar.

- b) Avaliación formativa aplicada durante o proceso de aprendizaxe. Nesta fase ten especial importancia as actividades realizadas na aula.
- c) Coavaliación final: comprobarase o grao de consecución dos obxectivos fixados. Isto permitiranos detectar dificultades e erros do alumnado.

Polo tanto, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Se no procesos de avaliación continuasen advertíndose que existen dificultades, aplicaranse as medidas de reforzo necesarias que permitan ao alumnado continuar co seu proceso de ensino e aprendizaxe.

### **7.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN**

**Probas Abertas(70%)** valoraranse probas orais e escritas sobre os contidos a tratar en cada materia, sendo sempre as mesmas nos tres grupos. Na corrección das probas escritas terase en conta a claridade e exactitude na expresión e a ortografía podendo variar a nota final do control. Inclúense neste apartado:

Exames (60%).

Traballos (5%).

Presentacións orais (5%)

**Actividades complementarias.(20%)** valorarase a implicación nas tarefas diarias que se leven a cabo tanto dentro do centro como fora, tendo en conta os seguintes criterios:

Remata os traballos na aula.

Participa activamente na clase.

Revisión de libretas.

Remata os traballos pendentos.

**Cadernos .(10%)** valorarase a orde e limpeza do caderno, así como que todas as actividades

estean realizadas e corrixidas.

## **.7.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Observación sistemática	<p><b><u>Escalas de observación</u></b></p> <p>Permiten establecer estimacións dentro dun continuo</p> <p>- <b>Categorías:</b></p> <p>Identifica a frecuencia (exemplo: sempre, ás veces, nunca) o caracterización (Exemplo: Iniciado, en proceso, consolidado)</p> <p>- <b>Numérica:</b></p> <p>Determina o logro e a intensidade (de 1 de 4, de 1 a 5, 1 a 6, ou de 1 a 10)</p> <p>- <b>Descriptiva:</b></p> <p>Incorpora frases descriptivas. Exemplo: “Traballa y trae el material pero no toma iniciativas”, o ben, “Suxire ideas e traballa adecuadamente”.</p> <p><b><u>Listas de control</u></b></p> <p>Registra a ausencia ou presenza dun determinado ítem.</p> <p><b><u>Rexistro anecdótico</u></b></p> <p>Recollen comportamentos non previsibles de antemán e aportan información significativa do día a día.</p>
Probas específicas	<b><u>Obxectivas</u></b>
	Con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla, sinala ou complete.
	<b><u>Abertas</u></b> Con preguntas ou temas nas que o alumno debe construír as respostas.
	<b><u>Interpretación de datos</u></b>

	Preguntas para interpretar imaxes, gráficas
	<b><u>Exposición dun tema</u></b>
Cuestionarios	<p><b><u>Abertos:</u></b></p> <p>Son aqueles nos que se pregunta algo e se deixa liberdade para o tipo de resposta.</p> <p><b><u>Pechados:</u></b> ofrecen determinadas respostas.</p>
Rúbricas: a rúbrica é unha ferramenta de valoración empregada para reflectir o grao de cumprimento dunha actividade ou traballo na que se divide o obxectivo da tarefa en indicadores de logro, identificando o rendemento do alumno ou alumna cun destes indicadores.	

### **.7.3. PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

A normativa vixente é clara no referente á **promoción:**” O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa”.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumno. Para considerar a promoción do alumnado teranse en conta os mínimos do curso, que son aqueles estándares de aprendizaxe considerados esenciais e imprescindibles e que, polo tanto, teñen un maior peso na cualificación final.

### **.PROMOCIONARAN:**

- a Todos os alumnos que superen os estándares de aprendizaxe avaliados imprescindibles planeados en todas as áreas e teñan alcanzado o grao suficiente de desenvolvemento nas Competencias Clave e nos obxectivos de etapa ao finalizar o curso.
- b Todos aqueles alumnos que permaneceron un ano máis no mesmo curso ou nun curso anterior.

### **.NON PROMOCIONARÁN:**

Os alumnos que non superen os estándares de aprendizaxe avaliados imprescindibles nas áreas do currículo. Para a promoción do nivel teremos en conta ademais:

- O grao de madurez do alumno que se concretará en:
- Hábitos básicos de traballo e estudio
- Autonomía no traballo
- Actitude e esforzo
- Capacidade de superación das dificultades
- Que as aprendizaxes non conseguidas permitan seguir con aproveitamento o seguinte nivel.

## **.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Tendo en conta que a metodoloxía se debe adaptar ás necesidades do alumnado, a programación non debe verse como un documento pechado, senón que iremos modificándoa en función das necesidades que se detecten e dos tempos. Porén adaptarámosla en función da avaliación inicial e dos centros de interese que xurdan ao longo do curso. Así mesmo revisarámosla de novo ao final de cada unidade para ver se se cumpriron os obxectivos.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica

proponse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.



### ***Avaliación das unidades didácticas***

<b>Programación Didáctica</b>	<b>Óptima</b>	<b>Boa</b>	<b>Mellorable</b>	<b>Mala</b>
INDICADORES DE LOGRO:				
A adecuación dos obxectivos didácticos ás características e necesidades do alumnado foi:				
A adecuación dos contidos ás características e necesidades do alumnado foi:				
A adecuación dos estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado foi:				
As aprendizaxes conseguidas polo alumnado foron:				
As medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula foron:				
As medidas de atención á diversidade para o alumnado con graves dificultades foron:				
A programación didáctica e o seu desenvolvemento foi:				
A organización da aula para desenvolver a programación foi:				
O aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no entorno para desenvolver a programación foi:				
Os procedimentos de avaliación do alumnado foron:				
A coordinación do profesorado de cada nivel foi:				
A coordinación do profesorado entre os diferentes niveis foi:				

### ***.Avaliación da práctica educativa***

INDICADORES DE LOGRO:	VALORACIÓN
Organización da aula e aproveitamento dos recursos do centro.	-1-2-3-4-5-
1.- A organización da aula favorece os distintos ritmos de aprendizaxe.	-1-2-3-4-5-
2.- Os agrupamentos de alumnos/as en clase adaptanse ás necesidades das tarefas a realizar.	-1-2-3-4-5-
3.- O entorno da aula facilita a integración de tódolos alumnos/as no grupo.	-1-2-3-4-5-
4.- O centro dispón de recursos suficientes para o desenvolvemento da labor docente.	-1-2-3-4-5-
5.- A organización dos distintos rincóns da aula facilita o traballo dos alumnos/as con suficiente autonomía.	-1-2-3-4-5-
6.- A distribución dos tempos facilita o traballo para os alumnos/as con dificultades na aprendizaxe.	-1-2-3-4-5-
7.- A distribución dos tempos facilita o traballo para os alumnos/as con altas capacidades.	-1-2-3-4-5-
8.- Utilízanse adecuadamente as tecnoloxías da información e comunicación na aula.	-1-2-3-4-5-
<b>Valora globalmente este apartado.</b>	-1-2-3-4-5-
Observacións e propostas de mellora:	

## **.9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESUSLTADOS**

A avaliación inicial levarase a cabo durante o mes de setembro e terá como finalidade facilitar os coñecementos previos do alumnado nas diversas áreas e competencias coa finalidade de axustar a resposta educativa ás necesidades ou dificultades que aparecesen.

Para levala a cabo partírase dos mínimos esixibles do curso anterior, cuarto de primaria neste caso.

Os procedementos variarán en cada unha das áreas.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A **atención á diversidade** supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

**A diversidade é unha realidade** facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.1 ° Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 1.2 ° Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 1.3 ° Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

1.4 <sup>o</sup> Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas e minimiza as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, suscítase como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

A nosa proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

1<sup>a</sup> Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2<sup>a</sup> Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

3<sup>a</sup> Levar á práctica un programa de orientación e acción tutorial no centro.

Por conseguinte, a nosa programación de Educación Primaria suxire:

1º Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización do alumnado, o que significa ensinarlle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario, a cooperar e a respectar as normas; para isto, imponse a posta en práctica das teorías de grupo e de dinámica de grupo, aplicando os modelos, as estratexias e os estilos máis adecuados en cada caso.

2º Realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).

3º Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

O profesorado utilizará os seguintes recursos como medidas de reforzo e atención ao alumnado con necesidades de apoio educativo:

3.1 Fichas de reforzo de cada unidade.

3.2 Fichas de comprensión lectora.

3.3 Fichas de ampliación de cada unidade.

3.4 Aqueles outros materiais que considere oportunos tendo en conta as características e necesidades do neno ou nena.

## **.10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.**

A actual lexislación educativa, máis concretamente o decreto do currículo de primaria para Galicia, establece no seu artigo 11 a importancia de traballar diferentes contidos

que se consideran transversais pola súa importancia. Son aspectos que se deberán traballar dende todas as áreas de coñecemento. Estes elementos transversais son os seguintes:

Comprensión lectora
Expresión oral e escrita
Comunicación audiovisual
Tecnoloxías da información e a comunicación
Emprendemento
Educación cívica e constitucional
Calidade, equidade e inclusión educativa
Igualdade entre homes y mulleres, prevención violencia xénero, igualdade de trato, e non discriminación
Resolución pacífica conflitos, liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, paz, dereitos humanos
Prevención violencia xénero, terrorismo, racismo, homofobia, holocausto xudeo
Discriminación sexista, por orientación sexual
Desenvolvemento sostible e medio ambiente
Riscos de explotación e abuso sexual
Riscos derivados do mal uso das TICs
Protección ante urxencias e catástrofes
Espíritu emprendedor
Seguridade vial
Práctica de deporte e exercicio (vida activa e saudable)

## **.11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Durante o curso 2021 – 2022 levaráanse a cabo aquelas actividades onde se respeten as normas de seguridade de prevención do Covid-19. Algunhas actividades tipo serán:

- Actividades educativas de apoio á escola propostas polo Concello.
- Visitas de contacontos ou intérpretes teatrais.
- Saídas a centros culturais do noso concello.
- Outras que se poidan levar a cabo durante o curso.

A elección das actividades complementarias e extraescolares valorarase segundo a súa adecuación ao currículo e sobre centros de interese que xurdan durante o curso.

Con respecto ás actividades complementarias, reflexionaremos sobre catro cuestións ao fin de mellorar a proposta nos vindeiros cursos:

4.1 Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?

4.2 Como resultaron as actividades?

4.3 Cales gustaron máis?

4.4 Que propostas de mellora podemos sinalar.

## **.12. APLICACIÓN DE PLANS E PROXECTOS DO CENTRO.**

**Proxecto de educación dixital:** ao estares inmersos neste curso no proxecto E-Dixgal, dende o quinto curso de primaria traballarase partindo do Proxecto Educativo do centro e do Proxecto de Educación dixital.

**Contribución ao plan TIC:** o uso das TIC queda suficientemente xustificado pola súa prescrición en todas as disposicións legais, senón por consideralas como elemento imprescindible nos tempos en que vivimos. Empregaremos as TIC como fonte de información para obter recursos, pero tamén como contido tecnolóxico en si mesmo. Fomentaremos un uso crítico e seguro das tecnoloxías, potenciando a creatividade e o seu uso como recurso inestimable no noso desenvolvemento como persoas que viven na era tecnolóxica.

**Contribución ao plan de convivencia:** en quinto de primaria os valores positivos para unha boa convivencia son esencias, polo que traballaremos dende a aula o respecto polos demais así como a resolución pacífica de conflitos será un dos obxectivos primordiais deste curso.

**Contribución ao proxecto lector:** toda a lexislación educativa actual establece como primordial o fomento da lectura e do hábito lector. Dende o quinto curso de educación primaria traballaremos a prol deste obxectivo, tanto en lingua castelá como en lingua galega. Traballarase na aula diferentes tipoloxías de textos e en diferentes soportes, fomentando que o alumnado escolla as súas propias lecturas.

- Adicaremos, todos os días un tempo á lectura grupal e individual.



- Participaremos en todas as actividades e achegas que se reciban desde a biblioteca do centro e o equipo de dinamización.

**Contribución ao proxecto lingüístico:** o proxecto lingüístico establece as actuacións do centro referidas aos aspectos que contempla o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. O Proxecto lingüístico recolle as linguas a empregar nas distintas áreas do currículo.

**Promoción de estilos de vida saudable:** dende todas as áreas, pero especialmente dende a área de Ciencias da Natureza, traballaranse os hábitos de vida saudables relacionados coa alimentación, o exercicio físico e a saúde postural.

### **.13. MECANISMOS PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

A programación didáctica é un elemento imprescindible para o bo desenvolvemento da vida na aula, aporta estabilidade e un plan a seguir para acadar os obxectivos propostos. Sen embargo, a realidade dentro das aulas varía constantemente e polo tanto este debe ser un documento flexible que se revise e adapte ás necesidades que xurdan.

Así pois, a **revisión da programación** realizarase en catro ocasións durante o curso académico, unha por trimestre e outra ao finalizar o curso. Cada trimestre comprobaremos cales son os resultados académicos que estamos a obter e valoraremos a necesidade de modificar ou adaptar a programación. Ao finalizar do ano académico revisaremos os resultados dos tres trimestres e estableceremos as directrices para a súa mellora nos vindeiros cursos.

**Avaliaremos** esta programación de forma individual a través dos indicadores de logro presentados no punto número 8.

#### **.14. ADAPTACIÓNS NECESARIAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL.**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: telemática e mixta. En ambas modalidades seguiremos o seguinte procedemento.

No caso de ter neste curso 2021 - 2022 un tempo de educación non presencial, intentaremos continuar coa programación proposta, sempre e cando, as situacións das familias e a nosa propia nolo permita. Para levala a cabo o alumnado levará para os seus fogares os ordenadores EDIXGAL e dende este recurso informático traballaremos os diversos contidos do nivel de 5º de Primaria.

Realizaremos o traballo utilizando a plataforma EDIXGAL e a nosa aula virtual. Dende estes recursos os alumnos e alumnas recibirán as tarefas, actividades e exercicios a desempeñar, ademáis poderán contactar coa titora no horario diario establecido de luns a venres mediante a aula virtual. Tamén programaremos, como mínimo, dúas conferencias semanais dunha hora cada unha utilizando o programa Cisco Webex.

A comunicación coas familias levaremola a cabo maiormente mediante a aplicación abalar móbil e o correo electrónico.

Valorarase a asistencia tanto nas conferencias así como na aula virtual, ademáis da presentación e envío do traballo programado.

Terase en conta na avaliación de cada alumno e alumna.

## ANEXOS

### ANEXO I - RELACIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES

Currículo de Lingua Castelá en 5º					
Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
<b>Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar</b>					
5º	LC	a,c,e	LC-B1.1-Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	LC-B1.1-Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.	5º-LCB1.1.1-Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas. [CCL CAA CSC]  5º-LCB1.1.2-Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade. [CCL CAA]  5º-LCB1.1.3-Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía. [CCL CAA CSC]

5º	LC	e	LC-B1.2-Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	LC-B1.2-Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.	<p>5º-LCB1.2.1-Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais, recoñecendo o valor complementario e modificador destes. [CCL]</p> <p>5º-LCB1.2.2-Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados. [CCL]</p>
----	----	---	--------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

					5º-LCB1.2.3-Interpreta de forma global o sentido de elementos básicos do texto (léxico e locucións). [CCL]
5º	LC	a,b,e	LC-B1.3-Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.	LC-B1.3-Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	5º-LCB1.3.1-Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado. [CCL]  5º-LCB1.3.2-Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. [CCL CD CAA CSC CSIEE]  5º-LCB1.3.3-Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. [CCL CAA CSC CSIEE]
5º	LC	e	LC-B1.4-Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.	LC-B1.4-Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	5º-LCB1.4.1-Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. [CCL]  5º-LCB1.4.2-Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas. [CCL]
5º	LC	b,e	LC-B1.5-Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios,	LC-B1.5-Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade.	5º-LCB1.5.1-Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais [CCL CAA]  5º-LCB1.5.2-Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e

			prescritivos e persuasivos).		argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). [CCL CAA]  5º-LCB1.5.3-Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa. [CCL]  5º-LCB1.5.4-Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo. [CCL CAA CSC CSIEE]
5º	LC	b,e	LC-B1.6-Reproducción de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.	LC-B1.6-Memorizar e reproducir textos axeitados á súa idade, seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.de comunicación oral.	5º-LCB1.6.1-Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios e propios, axeitados aos seus gustos e intereses.. [CCL CAA CCEC]
5º	LC	b,e	LC-B1.7-Producción de textos orais segundo a súa tipoloxía segundo os diferentes formatos e intencións comunicativas.	LC-B1.7-Producir textos orais breves e sinxelos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	5º-LCB1.7.1-Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos [CCL CAA CSIEE]  5º-LCB1.7.2-Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos(narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar) [CCL CAA CSIEE]
5º	LC	a,b,e	LC-B1.8-Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.	LC-B1.8-Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade.	5º-LCB1.8.1-Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión. [CCL CAA CSC CSIEE]  5º-LCB1.8.2-Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose mediante preguntas adecuadas, da

					<p>comprensión propia e por parte da persoa interlocutora. [CCL CAA CSC CSIEE]</p> <p>5º-LCB1.8.3-Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa idade. [CCL CAA CSC CSIEE]</p>
5º	LC	b,d,e	<p>LC-B1.8-Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.</p>	<p>LC-B1.9-Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.</p>	<p>5º-LCB1.9.1-Resume entrevistas, noticias e debates infantís procedentes da radio, televisión e da internet. [CCL CD CAA CSC]</p> <p>5º-LCB1.9.2-Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. [CCL CSC]</p> <p>5º-LCB1.9.3-Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos. [CCL CAA CSIEE]</p>

**Bloque 2: Comunicación escrita: ler**

5º	LC	e	<p>LC-B2.1-Lectura en silencio e voz alta de distintos tipos de texto.</p>	<p>LC-B2.1-Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.</p>	<p>5º-LCB2.1.1-Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. [CCL]</p> <p>5º-LCB2.1.2-Lee en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade. [CCL]</p> <p>5º-LCB2.1.3-Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social: [CCL CAA]</p> <p>5º-LCB2.1.4-Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. [CCL CAA]</p>
